



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 530  
13 de setembro de 2019



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### **I 39918 (10/PPL-000031)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental [174387](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### **I 52544 (10/MOC-000155)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros [174387](#)

##### **I 52567 (10/MOC-000156)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores [174387](#)

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación sen modificacións

##### **I 53868 (10/PNP-003989)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes [174388](#)



**I 54185 (10/PNP-004018)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e dezasete deputados/as máis**

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada

[174388](#)**Aprobación con modificacións****I 53132 (10/PNP-003960)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

[174389](#)**Aprobación por unanimidade sen modificacións****I 54188 (10/PNP-004019)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega

[174390](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 47097 (10/PNP-003547)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario

[174390](#)**I 51576 (10/PNP-003866)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela

[174391](#)**I 51911 (10/PNP-003889)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego

[174391](#)

**I 54032 (10/PNP-004003)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

[174391](#)**I 54051 (10/PNP-004005)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

[174391](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO****Aprobación sen modificacións****I 23018 (10/PNC-001839)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da garantía da seguridade das frota galegas que desenvolven a súa actividade en augas internacionais, en especial diante da decisión do Reino Unido de endurecer a vixilancia nas súas augas

[174392](#)**I 36690 (10/PNC-002943)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que informe dos movementos que se poidan producir do actual modelo de xestión do caladoiro Cantábrico noroeste

[174392](#)**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 37845 (10/PNC-003037)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a realización por parte do Goberno galego das xestións precisas para a posta en marcha do plan de sinalización de bateas antes do remate do ano 2018

[174393](#)**I 38608 (10/PNC-003084)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación da taxa de axudas á navegación, de xeito que se insiran exencións ao seu pagamento para a pesca artesanal e o marisqueo a flote

[174393](#)

## Aprobación por unanimidade sen modificacións

### I 49626 (10/PNC-004014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de adopción das medidas oportunas para garantir a participación dos traballadores e traballadoras galegas embarcados en augas alleas ao Estado español en todos os procesos electorais

[174393](#)

### I 52165 (10/PNC-004164)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a presentación no Parlamento de Galicia dun proxecto dirixido á mellora integral do Porto Chico de Foz

[174394](#)

## Rexeitamento das iniciativas

### I 49985 (10/PNC-004045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da exención da cota da xarda para a pesca accidental galega

[174394](#)

### I 52813 (10/PNC-004201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación dun dique flotante no porto de Fisterra (porto Xacobeo) que permita dispoñer dunha zona de atracada para as embarcacións de recreo que se achegan á ría de Corcubión

[174394](#)

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 12 de setembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 573/2014/UE sobre unha maior cooperación entre os servizos públicos de emprego (SPE) (Texto pertinente para efectos do EEE)[COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}

- 10/UECS-000287 (55556)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 573/2014/UE sobre unha maior cooperación entre os servizos públicos de emprego (SPE) (Texto pertinente para efectos do EEE)[COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}

[174403](#)



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.6. Composición da Mesa das comisións

##### COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

■ Elección de secretario/a

[174396](#)

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

■ Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia [174396](#)

■ Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia [174397](#)

■ Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia [174400](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de setembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da toma en consideración

- 39918 (10/PPL-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Proposición de lei de modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para promover determinadas actuacións para a mellora medioambiental

BOPG n.º 384, do 15.11.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

- 52544 (10/MOC-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección das persoas galegas usuarias de produtos financeiros

BOPG nº 508, do 19.07.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1, 2 e 3: rexeitados por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 4, 5 e 6: rexeitados por 17 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

- 52567 (10/MOC-000156)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a xestión das subvencións percibidas polo sindicato Xóvenes Agricultores

BOPG nº 508, do 19.07.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación sen modificacións

- 53868 (10/PNP-003989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes

BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 51 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar:

1º. A supresión do céntimo verde para o carbón, igual que se ten realizado para outras tecnoloxías, como é o caso do gas, garantindo deste xeito a neutralidade tecnolóxica.

2º. A adopción dun mecanismo de compensación de pagamentos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas punta do sistema eléctrico.

3º. O establecemento dunha exención das medidas fiscais preventivas na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, ás centrais térmicas de carbón de importación que estean en proceso de adaptación á Directiva de emisións industriais.

4º. A fixación dunha retribución específica nos casos en que se estea utilizando, por exemplo, biomasa forestal para o funcionamento destas centrais térmicas.

5º. A súa participación na iniciativa conxunta que a Xunta de Galicia está a impulsar con sindicatos e axentes sociais e económicos na defensa dos intereses do emprego directo e indirecto vinculado á central térmica das Pontes, apostando así por unha transición enerxética xusta e ordenada.»

- 54185 (10/PNP-004018)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e dezasete deputados/as máis

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 521, do 29.08.2019





Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 28 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a manter a súa defensa ante a UNESCO dunha candidatura a patrimonio da humanidade que abarque a totalidade do territorio do actual Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que, por tanto, non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada.»

### **Aprobación con modificacións**

- 53132 (10/PNP-003960)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 4 e 8: rexeitados por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 1 ao 3 e 5 ao 7: aprobados pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar en 2020 un protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas que coordine as actuacións de todos os servizos públicos e institucións implicadas na materia, contando especialmente cos servizos sociais comunitarios, no marco da Estratexia galega de atención a este fenómeno da soidade non desexada.

2. Estender de xeito eficaz o servizo de HADO de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio, tamén no medio rural, coordinándose coa Atención Primaria.

3. Aumentar os orzamentos para o plan concertado para garantir o servizo de axuda no fogar de xeito que se garanta a cobertura en todo o territorio e o aumento do tempo de atención a cada persoa usuaria.

4. Prestar apoio técnico aos concellos para a elaboración de protocolos sociosanitarios municipais de atención ás persoas maiores que viven soas, no marco da Estratexia galega de atención a este fenómeno de soidade non desexada.

5. Axilizar o estudo e censo de persoas maiores que viven soas, acordado polo Parlamento de Galicia o 26 de xuño de 2019.



6. Sensibilizar a cidadanía e formar as profesionais e os profesionais sobre o illamento social e as súas consecuencias.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 54188 (10/PNP-004019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Constituír unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para demandar a activación das cubas en suspenso e velar polo mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se mantén a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2. Demandar do Goberno central medidas urxentes respecto do marco enerxético co fin de paliar a crise da industria electrointensiva galega:

a) aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego, coa inclusión dun paquete de medidas compensatorias polos atrasos antes do final de 2019.

b) planificación da substitución do sistema de poxa de interrompibilidade por unha regulación estable que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego.

c) consideración, no futuro sistema enerxético, do papel de produtor de Galicia, que deberá ser beneficiada polos custos ambientais e sociais de soportar a xeración.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 47097 (10/PNP-003547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.



- 51576 (10/PNP-003866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela BOPG nº 493, do 26.06.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1, 2 e 3: rexeitados por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións.

Punto 4: rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 51911 (10/PNP-003889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego

BOPG nº 495, do 01.07.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 54032 (10/PNP-004003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 54051 (10/PNP-004005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións.

Puntos 2 ao 4: rexeitados por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 12 de setembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación sen modificacións

- 23018 (10/PNC-001839)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da garantía da seguridade das frota galegas que desenvolven a súa actividade en augas internacionais, en especial diante da decisión do Reino Unido de endurecer a vixilancia nas súas augas

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 6 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia pide á Xunta de Galicia que solicite do Goberno central, no ámbito das súas competencias, que garanta a seguridade das nosas frota en augas internacionais, especialmente ante a decisión de Reino Unido de endurecer a vixilancia nas súas augas.»

- 36690 (10/PNC-002943)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que informe dos movementos que se poidan producir do actual modelo de xestión do caladoiro Cantábrico noroeste

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 6 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a pedir ao novo Goberno de Madrid que se informe de calquera movemento ou cambio que se poida producir do actual modelo de xestión do caladoiro Cantábrico noroeste, ao mesmo tempo que solicita que se respecte este modelo, que tan bos resultados está dando para o sector pesqueiro galego.»



### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 37845 (10/PNC-003037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a realización por parte do Goberno galego das xestións precisas para a posta en marcha do plan de sinalización de bateas antes do remate do ano 2018

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo as xestións precisas para que o Plan de sinalización de bateas pendente desde 2015 poida ser una realidade antes de que remate a lexislatura una vez recibidas as autorizacións do Estado.»

- 38608 (10/PNC-003084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación da taxa de axudas á navegación, de xeito que se insiran exencións ao seu pagamento para a pesca artesanal e o marisqueo a flote

BOPG nº 371, do 16.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a inmediata modificación da taxa de axudas á navegación de xeito que se inclúan exencións ao pagamento da taxa para a pesca artesanal e o marisqueo a flote e igualmente proceda a unha revisión das taxas autonómicas vixentes para o mesmo sector, tal que se estude o establecemento de posibles exencións ou bonificacións tendentes á redución dos seus importes cara ao ano 2020.»

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 49626 (10/PNC-004014)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de adopción das medidas oportunas para garantir a participación dos traballadores e traballadoras galegas embarcados en augas alleas ao Estado español en todos os procesos electorais

BOPG nº 476, do 14.05.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exixir do Estado español a adopción das medidas oportunas que garantan a participación dos traballadores e traballadoras galegos embarcados en augas alleas ao Estado en todos os procesos electorais.»

- 52165 (10/PNC-004164)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a presentación no Parlamento de Galicia dun proxecto dirixido á mellora integral do Porto Chico de Foz

BOPG nº 502, do 10.07.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a entrevistarse cos colectivos profesionais, recreativos e culturais afectados polo estado do Porto Chico de Foz e, de acordo con eles, presentar ante o Parlamento un proxecto, acompañado de cronograma e partidas orzamentarias, para acometer una mellora integral do Porto Chico de Foz, que recolla mellora das súas condicións de abrigo unha mellora na seguridade, así como o aumento de prazas de atracada.»

### **Rexeitamento das iniciativas**

- 49985 (10/PNC-004045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da exención da cota da xarda para a pesca accidental galega

BOPG nº 479, do 22.05.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 1 votos a favor, 6 votos en contra e 4 abstencións.

- 52813 (10/PNC-004201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación dun dique flotante no porto de Fisterra (porto Xacobeo) que permita dispoñer dunha zona de atracada para as embarcacións de recreo que se achegan á ría de Corcubión

BOPG nº 512, do 29.07.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 6 votos en contra e 1 abstencións.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 12 de setembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 573/2014/UE sobre unha maior cooperación entre os servizos públicos de emprego (SPE) (Texto pertinente para efectos do EEE)[ COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}**

- 10/UECS-000287 (55556)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 573/2014/UE sobre unha maior cooperación entre os servizos públicos de emprego (SPE) (Texto pertinente para efectos do EEE)[ COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 55556, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Decisión nº 573/2014/UE sobre unha maior cooperación entre os servizos públicos de emprego (SPE) (Texto pertinente para efectos do EEE)[ COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.6. Composición da Mesa das comisións

##### COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 12 de setembro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

##### Elección de secretario/a

- 52813 (10/CEEM-000047)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Elección da Secretaría da Comisión

Dona Paula Quinteiro Araújo (G. P. Grupo Común da Esquerda - GCE)

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base cuarta, da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, segundo figura no documento anexo.





2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

#### ANEXO

##### A) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	GARCÍA RODRÍGUEZ	TEODORO	***1406 **
2	LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265 **

##### B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

Non hai.

### **Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base 4.1 e 4.2, da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, segundo figura no documento anexo.

Conforme o disposto na base cuarta apartado primeiro, as persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

Quen, no prazo sinalado, non repare a causa de exclusión ou alegue a omisión será definitivamente excluído da participación no proceso selectivo.



2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## ANEXO

## A) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	ARENAS HERNÁN	FRANCISCO RUBÉN	***1792**
2	ARNOSA CASAL	JUAN CIRILO	***8121**
3	AZZAM LOPEZ	ISSAM PABLO	***2189**
4	BAHAMONDE AMOR	JAVIER	***7146**
5	CAMBEIRO AGULLEIRO	VANESA	***5990**
6	DANS GALÁN	CÉSAR MANUEL	***9180**
7	DÍAZ BOQUETE	JUAN CARLOS	***9215**
8	DOMÍNGUEZ GROBA	ANTONIO	***1443**
9	DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ	EMILIO	***8352**
10	ESPIDO NOYA	PABLO	***0644**
11	FERNÁNDEZ DÍAZ	IAGO	***7113**
12	FERNÁNDEZ LEIS	ROBERTO	***0924**
13	GONZÁLEZ CARNERO	ODILO	***2815**
14	IGLESIAS ALLONES	JOSÉ LUIS	***4888**
15	MATA CERVERA	VERÓNICA	***2094**
16	MONTEAGUDO ESTEIRO	ALFONSO ENRIQUE	***6295**
17	MONTERO FERNÁNDEZ	BEATRIZ	***6421**
18	NEGREIRA LÓPEZ	JOSÉ	***9187**
19	NIETO MOURE	ANTONIO	***5603**
20	PEREIRO FUENTES	CARLOS	***3309**
21	PÉREZ BLANCO	ANA	***7353**
22	REGUEIRO JANEIRO	JOSÉ ÁNGEL	***3515**
23	RODRÍGUEZ DORREGO	SARA	***9903**
24	RODRÍGUEZ GAYOSO	RAFAEL	***8703**
25	SÁNCHEZ GARCÍA	NATIVIDAD	***2765**



Nº	APELIDOS	NOME	DNI
26	SANTOS GARCÍA	MARCOS	***5099**
27	TAÍN VILANOVA	JOSÉ MANUEL	***7724**
28	TRABA MARTÍNEZ	MARÍA DOLORES	***9874**
29	VARELA GARRIDO	DAVID	***6516**
30	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	JOSÉ MANUEL	***5815**
31	VÁZQUEZ SUÁREZ	CARLOS	***0648**
32	VILARIÑO FIDALGO	TOMÁS	***2592**
33	VILLA VIEIRO	PABLO ALBERTO	***2836**
34	VILLARES Balsa	MIGUEL	***9354**

## B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSIÓN
1	BELLO MERAYO	MARCOS	***4124**	5
2	BELLO MOTA	NATALIA	***8062**	5
3	CABADO LOURÉS	MARÍA DOS ANXOS	***1610**	5
4	CAROU ORDÓÑEZ	ÁLVARO	***3884**	5
5	CERNADAS VILAS	JOSÉ SANTIAGO	***4545**	5
6	CRUZ BARCIA	DANIEL	***2625**	5
7	CUERVO MARTÍNEZ	CARLOS	***6485**	5
8	FERNÁNDEZ LAMELA	LUCÍA	***1744**	5
9	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	MARÍA	***3565**	5
10	FERNÁNDEZ SANDA	JOSÉ ANTONIO	***8044**	5
11	GARCÍA PAZ	ESTEBAN	***9251**	5
12	GÓMEZ BARREIRO	SERGIO	***0786**	5
13	LAMAS FERNÁNDEZ	ANTONIO	***2145**	5
14	LUBIÁN ESPINOSA	DAVID	***3847**	5
15	MARTÍN SOUTO	ROBERTO	***0126**	5
16	MARTÍNEZ SUÁREZ	LUIS	***2036**	5
17	MÉNDEZ MONTOTO	CARMEN	***2406**	5
18	OLALLA CANO	CARLOS JAVIER	***0378**	5
19	PAZ GONZÁLEZ	BREIXO	***8824**	5
20	PÉREZ FEAL	SANDRA	***7999**	5



Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSIÓN
21	TILVE ÁLVAREZ	CARLOS MANUEL	***6079**	5
22	VÁZQUEZ PAZ	REBECA	***0101**	5
23	VILLASENÍN VAAMONDE	LUCÍA MARÍA	***0123**	5

Causas de exclusión:

- 1) Non achegar modelo de solicitude dentro de prazo conforme o disposto no apartado 3.2.
- 2) Non achegar copia do documento nacional de identidade conforme o disposto no apartado 3.1.
- 3) Non ter aboados os dereitos de exame conforme o disposto no apartado 3.3.a) e 3.5.
- 4) Defecto no aboamento dos dereitos de exame, conforme o disposto na cláusula 3.3.a) e 3.5. *(exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia).*
- 5) Non presentar CELGA 4 ou equivalente, ou sen compulsar, conforme o disposto no apartado 3.3.b).

**Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por oposición libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base 4.1 e 4.2, da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, segundo figura no documento anexo.

Conforme o disposto na base cuarta apartado segundo, as persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

Quen, no prazo sinalado, non repare a causa de exclusión ou alegue a omisión será definitivamente excluído da participación no proceso selectivo.



2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019  
Miguel Ángel Santalices  
Presidente do Parlamento de Galicia

## ANEXO

## A) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	AMOR GÓMEZ	MARÍA BELÉN	***8836**
2	BARROS GONZÁLEZ	RAFAEL	***5899**
3	BOUZA ROMERO	LAURA	***5639**
4	CARAMÉS GONZÁLEZ	MARTA	***2545**
5	CASTRO GARCÍA	SILVIA	***0801**
6	CHANTRERO CORNES	JUAN CARLOS	***1248**
7	COSTAS VILA	ÓSCAR	***6986**
8	DIOS LOUREIRO	BERNARDO JOSÉ	***1206**
9	DOCAMPO GONZÁLEZ	CARLOS	***6207**
10	DOMÍNGUEZ OUVIÑA	TANIA	***0809**
11	DOPAZO ABREU	CARMEN MARÍA	***9262**
12	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	PABLO	***8767**
13	GÓMEZ ALONSO	LETICIA	***0320**
14	GONZÁLEZ ALONSO	DAVID	***5631**
15	GUIMAREY CONSTANTINO	CARLOS	***7322**
16	IGLESIAS VARELA	MARIA ELIZABETH	***4471**
17	IGNACIO RIAL	ROCÍO	***3328**
18	LAGOS TORRES	CARMEN	***3170**
19	LOMBÁN PAZOS	MARTA	***3875**
20	LÓPEZ PEREIRA	MILAGROS	***0487**
21	LORENZO CEA	ELENA MARÍA	***9654**
22	LUEIRO BUSTO	SERGIO	***1221**
23	MARCOS TORRES	MARÍA	***4006**
24	MAYO GIRAUT	RUBÉN	***3295**
25	MONTERO ARES	INÉS	***8685**
26	MUIÑO POSE	ALICIA	***0182**
27	NOYA CORBELLE	NATALIA	***0974**
28	NÚÑEZ PENA	ANAÍS	***9105**



Nº	APELIDOS	NOME	DNI
29	OJEA GARCÍA	BORJA	***6665**
30	OJEA GONZÁLEZ	MONICA	***0368**
31	ORODEA PIÑEIRO	AINHARA MAITE	***7553**
32	OTERO GUINEA	JOSÉ MARÍA	***1552**
33	QUINTÁNS BRUN	MANUEL	***5512**
34	RECIMIL LÓPEZ	ÁNGEL	***2276**
35	ROCHA CARRO	JUAN JOSÉ	***4897**
36	RODRÍGUEZ CARBALLO	REBECA	***2757**
37	RODRÍGUEZ OUTES	ANTÍA	***6997**
38	RUIBAL LISTA	DAVID	***6796**
39	SÁNCHEZ BARREIRO	MARÍA CARMEN	***9322**
40	SEOANE ROMERO	MARÍA	***2981**
41	SIEIRO CHEDAS	RUBÉN	***9883**
42	SOLIÑO LUBIÁNS	TALMA	***0763**
43	SOTO FERNÁNDEZ	LUIS ÁNGEL	***2769**
44	TORAL PAZOS	SANTIAGO NICOLÁS	***6322**
45	UTRERA IGLESIAS	DAVID MARTÍN	***9236**
46	VALCARCE RODRÍGUEZ	ELENA MARÍA	***3914**
47	VÁZQUEZ FREIRE	JORGE	***3972**
48	VELO CALVO	LORENA	***7465**


## B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSIÓN
1	ALVITE VÁZQUEZ	YESICA	***4574**	4
2	MARIÑO LAÍÑO	SILVIA	***3717**	2
3	MEDEL IGLESIAS	ELADIO	***9556**	1
4	PAZ GARCÍA	SANTIAGO	***9119**	2
5	QUINTEIRO NOGUEIRA	NATALIA	***3479**	1
6	TAIBO RAMA	LORETO	***7767**	3

## Causas de exclusión:

- 1) Non achegar modelo de solicitude dentro de prazo conforme a cláusula terceira.
- 2) Non achegar copia do documento nacional de identidade conforme a cláusula 3.1.
- 3) Non ter aboados os dereitos de exame conforme o disposto na cláusula 3.1 e 3.2.
- 4) Defecto no aboamento dos dereitos de exame, conforme o disposto na cláusula 3.1 e 3.2. (*exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia*).





**Asunto: Propuesta de DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por la que se modifica la Decisión n.º 573/2014/UE sobre una mayor cooperación entre los servicios públicos de empleo (SPE) (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM(2019) 620 final] [2019/0188 (COD)] {SWD(2019) 319 final} {SWD(2019) 1350 final}**

